

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE VALGA PARA A DOTACIÓN DE EQUIPAMENTO E MELLORA DAS INSTALACIÓNS NO AUDITORIO DO EDIFICIO MULTIFUNCIONAL DE FERREIROS, PARROQUIA DE CORDEIRO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co concello de Valga o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Valga para a dotación de equipamento e mellora das instalacións no auditorio do edificio multifuncional de Ferreirós, na parroquia de Cordeiro.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia que se crea co obxectivo de impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos. No exercicio das súas



funcións correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Segundo.- O Concello de Valga no seu propósito de manter nas mellores condicións os edificios municipais e darlles a mellor utilidade e servizos fai unha aposta pola modernización nos seus edificios de carácter cultural.

A actuación que se pretende levar a cabo, sitúase no edificio multifuncional situado en Ferreirós, parroquia de Cordeiro e máis concretamente no Auditorio, local de aproximadamente unha superficie, en planta, de 430 m², dos cales 160 m² están ocupados polo escenario e a superficie restante pola zona de butacas inferior xunto con outros 160 m² da zona de butacas superior.

Neste auditorio realízanse a gran maioría de actividades culturais municipais dende actuacións musicais, obras teatrais, sesións de cine, actos públicos e demais actividades culturais.

Coas actuacións de dotación de equipamento e mellora das instalacións no auditorio, preténdese conseguir que este edificio sexa un referente á hora de desenvolver actividades culturais e propoñer aos veciños e visitantes unha oferta cultural axeitada e de calidade, supoñendo a posta en valor turístico do mesmo.

Así mesmo, debe sinalarse que o concello de Valga esta na ruta do Camiño Portugués que está tendo un gran auxe de peregrinos. O Camiño Portugués é un elemento dinamizador para as vilas polas que discorre, é un recurso cultural, económico e turístico de primeira orde que sitúa no mapa a concellos como Valga a nivel internacional.

Terceiro.- O Plan Estratéxico do Turismo de Galicia 2020 constrúese co propósito de consolidar un destino competitivo, cun gran valor estratéxico na economía galega.

Tres son os retos da estratexia de Turismo 2020 e once as súas liñas estratéxicas.



O Reto 1.- Aproveitar o potencial dos recursos naturais de Galicia, que permiten construír un destino único e diferencial, artellado ó redor dunha Marca: Galicia. A sustentabilidade do destino será o fío condutor na construción das liñas estratéxicas que se contemplan:

- Paisaxe, recursos naturais e sustentabilidade.
- Valores diferenciadores e o seu potenciamento
- A mobilidade turística
- Os camiños de Santiago como dinamizadores do país

A súa vez, a liña estratéxica 2 ten por obxecto os valores diferenciadores e a súa potenciación, e nela establécese que o patrimonio material e inmaterial, a nosa cultura e o termalismo son recursos e valores que nos diferencian e vertebran unha experiencia turística propia e singular. Estes valores están asociados univocamente con Galicia, xerando a dimensión turística da marca. A enogastronomía como recurso transversal, como parte tamén do noso acervo cultural, no que os produtos de proximidade forman a base na que traballa unha cociña cada vez mais recoñecida internacionalmente. Ademais, continuamos sendo un territorio caracterizado pola calidade e autenticidade, o que nos outorga un gran potencial como destino de slow tourism.

Son obxectivos estratéxicos desta liña:

1. Singularización dos nosos valores diferenciadores
2. Impulso da enogastronomía galega.
3. Impulso do turismo termal.

Cuarto.- Co obxecto de promover o turismo no concello, as partes consideran esencial colaborar na realización deste convenio, xa que se trata dunha acción de interese común.

Que a través deste convenio, outórgase ao concello de Valga unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

